


Almanaque Agrícola

ano
LIX



Ano 2011



Ponte romana do Bermaña.
(62 a.C. A.D- 409).
Caldas de Reis (Pontevedra).

syngenta

O funxicida cun nome que o di todo e ademais faino

¡Boa uva, bo viño!

Chega un funxicida que vai poñer as cousas no seu sitio, con licenza para actuar. O seu nome é Max, Quadris Max; e claro, cun nome así, a cousa promete. E ti preguntaste ¿Poderá defender os meus viñedos de tantos perigos? Iso, ¡por suposto!, pero o máis importante de Max é a súa forza, **A SÚA DOBRE FORZA DE ACCIÓN**. Telo cerca será a mellor protección.

MAXimiza o teu viñado

Non encontrarás nada que funcione mellor ¡apostas uns viños?

Quadris
MAX

Dobre forza na súa dobre acción

syngenta

Índice

<i>José Carlos Alonso Pena</i>			4
Rescatando anacos do noso pasado: "Os freixos"			6
Rescatando un anaco da nosa cultura: "Os zoqueiros"			13
Convocatoria novo certame: "As peles. O curtido do coiro"			22
As nosas castes de vide: A variedade "Branca lexítima"			24
Xaneiro	28	Santiago	40
Febreiro	30	Agosto	42
Marzo	32	Setembro	44
Abril	34	Outubro	46
Maio	36	Novembro	48
San Xoán	38	Nadal	50
Herbas medicinais			53
Males da viña			58
Consellos para os coidados da viña			60
Tratamentos das froiteiras de carabuña			63
Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras			64
Tratamentos de invernadoiros e hortas			66
Tratamentos das patacas			68
Tratamentos do millo e outros cereais			70
Humidais e agricultura			72
Feiras gastronómicas			78
Catálogo xeral de produtos fitosanitarios			85
Valor dos ferrados galegos en metros cadrados			97
Contos			100
Disposicións legais de interese para Galicia			102
Roedores e rodenticidas			107
Enderezos dos nosos distribuidores			110



José Carlos Alonso Pena.

Esta “LIX” edición do Almanaque agrícola quere ser unha modesta homenaxe e un merecido recoñecemento, á dedicación e profesionalidade de José Carlos e ao seu profundo coñecemento do agro galego, froito do cal, entre outros méritos, é o interese despertado por esta publicación durante cinco décadas, nas que empeñou a súa vontade, para a súa continuidade e mellora.

É o noso cariñoso recordo ao bo amigo, gran mestre e excelente compañeiro.

In memoriam

*Reproducimos a continuación, o artigo escrito por José Carlos,
no 2001, co gallo da creación de Syngenta*

SYNGENTA

Preséntase

Xorde Syngenta como unha nova compañía, con personalidade propia e coa responsabilidade de ser líder mundial na protección sanitaria dos cultivos, resultado da fusión doutras dúas compañías de recoñecido prestixio e experiencia internacional: Zeneca Agro e Novartis Agro, herdando de ambas as dúas as súas fortalezas e tradicións.

O seu compromiso é de contribuír ós medios de produción agrícola, non soamente na posta a punto da tecnoloxía actual dispoñible, senón tamén de seguir investigando novas moléculas e métodos biolóxicos, cada vez máis singulares na protección das plantas e na produción de alimentos, e que ó mesmo tempo sexan máis rigorosos na conservación do medio ambiente, para desta maneira achegar un balance positivo nas técnicas agronómicas e na calidade de vida da sociedade en xeral.

O nome de Syngenta, ten a súa orixe en dúas raíces diferenciadas; "Syn", que procede do grego e que significa Sinerxia e Síntese, e de "Genta", que procede do latín "Gens", que quere dicir "Xente" ou "Comunidade de persoas"; de tal maneira que "Syngenta" indica reunión de persoas e pobos.

Na nosa Zona Noroeste Syngenta encamiñará os seus esforzos á continuidade das bases éticas e morais que as dúas compañías que lle precederon sempre levaron por bandeira, e a potenciar unha agricultura sostible, poñendo o listón cada vez máis alto nas solucións innovadoras do sector e que poidan resultar de interese para os nosos cultivos.

Por todo iso, o "ALMANAQUE AGRICOLA ZZ", con case medio século de existencia, publicado ininterrompidamente cada ano no noso idioma vernáculo, identificado coa nosa cultura, con máis de 80.000 exemplares espallados cada ano por toda a nosa xeografía, recoñecido e demandado polas Institucións do país, agricultores e afeccionados á nobre laboura da agricultura, quere seguir sendo o guieiro anual que acerque dunha forma rápida, sinxela e intelixible as innovacións máis axeitadas para a solución dos problemas fitosanitarios que preocupan na nosa Comunidade.



Rescatando ANACOS DO NOSO pasado

ÁRBORES SINGULARES OU EMBLEMÁTICAS EN GALICIA

OS FREIXOS

Os freixos, fresnos en castelán, son fermosas árbores caducifolias da familia das oleáceas, con importante valor ecolóxico e de prezada madeira, que medran adoito nas beiras dos ríos galegos. Amosan follas opostas, compostas imparipinnadas, flores bisexuais, ás veces unisexuais ou polígamas (mestura de flores unisexuais e bisexuais), núas ás veces (sen cáliz nin corola), con androceo de dous estames e xineceo con ovario bicarpelar; os froitos son secos, aquenios alados (sámaras). En Galicia crecen de xeito espontáneo dúas especies de freixos: o freixo euro-siberiano (*Fraxinus excelsior* L.) e o freixo mediterráneo (*Fraxinus angustifolia* Vahl.).

Fraxinus era o nome que daban os romanos ao freixo

euro-siberiano e pasou a ser o nome científico do xénero. **Excelsior** fai referencia á maxestosidade do freixo euro-siberiano. **Angustifolia** refírese á angostura dos folíolos do freixo mediterráneo.

O freixo común, de folla ancha ou euro-siberiano (*Fraxinus excelsior* L.) é unha árbore de 20-30(45) m de altura; de feito, o seu nome específico alude a que é o freixo máis alto e señorial, con tronco dereito, primeiro con casca lisa e gris e máis tarde parda e gretada, que se ramifica de xeito simpódico nunha copa ampla, alongada e aberta. As xemas son grosas, ovoideas, aveludadas, de cor negra. Follas grandes (25-30 cm), sen estípulas, con 7-13(15) folíolos lanceolados, de 5-10 x 1-3 cm, rematados en punta e cuneiformes na base, sésiles, serrados na marxe, con máis dentes que nervios laterais, lampiños pola face e con pilosidade abrancazada ou pardenta no envés, a ambos os lados da base do nervio principal.



Freixo da parroquia de Atios (lugar de Albarián).
O Porriño (Po).

Floración precoz (antes do brote das follas), con flores de cor pardenta, polígamas ou unisexuais dioicas (mascullinas e femininas en pés distintos), núas, agrupadas en ramallíños opostos que se dispoñen sobre as pólas do ano anterior; as anteras dos estames teñen cor púrpura escura e o ovario é súpero, cun só estilo alongado e rematado nun estigma bífido. Froito en sámara colgante, de 2,5-5 x 0,7-1 cm, primeiro de cor verde e logo amarelada, lanceolada, truncada ou escotada no ápice. Florece na primavera e maduran os froitos a finais do verán ou no outono, permanecendo con frecuencia na árbore ata a seguinte primavera, cando se produce a diseminación.

Esténdese por toda Europa e Asia occidental. En España medra na metade setentrional, sobre todo en bosques caducifolios húmidos e nas beiras dos cursos de auga. En Galicia atópase fundamentalmente na metade norte, en localidades con certa humidade no verán, ata 1.400 m de altitude. É unha árbore de crecemento bastante rápido, que non soporta ben a sombra e non é moi lonxeva (150 anos). Resiste frío e prefere solos fértiles, frescos e profundos, que poden ser de natureza mineralóxica variada, pero instálase preferentemente sobre substratos de lousas e rochas calcarias. Reprodúcese ben de semente e rebrota ben de cepa, aínda que non o fai de raíz. Polo seu carácter pioneiro adoita dominar nas fases pouco maduras das masas arboradas das que forma parte.

É frecuente en bosques de ribeira, como os ameneirais ou amieirais, en mestura con amieiros (*Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.), pradairos (*Acer pseudoplatanus* L.), salgueiros (*Salix atrocinerea* Brot.), etc., e por riba de 1.000

m de altitude, na serra dos Ancares por exemplo, releva ao amieiro como árbore dominante nos bosques de ribeira, que pasan a ser freixedos. Tamén medra apartado dos cursos de auga, nas ladeiras sombrías, onde forma xunto con outras árbores caducifolias bosques con gran biodiversidade, ricos en plantas nemorais.

A súa madeira, de cor branca ou algo rosada, con vetas pardas, é de moi boa calidade, das mellores entre as das árbores que medran nos bosques galegos, e é moi apreciada en moblería e para outros usos. É unha madeira densa, de grao fino, dura, doada de pulir e de traballar sen gretarse, que se dobra facilmente ao vapor, resistente, elástica e suave ao tacto (polo que se emprega adoito para mangos de ferramentas e artigos deportivos, xa que, ademais, aguanta ben os golpes repetidos). Ten o inconveniente de que se podrece con facilidade, pois soporta mal os cambios de humidade. Utilizouse a miúdo no rural galego para facer os eixos dos carros, porque é moi resistente ao rozamento, e para fabricar outras pezas dos carros e carretas. É apreciada en ebanistería para elaborar as partes curvadas dos mobles e na construción naval, empregándose tamén na actualidade para facer paus de cricket e hockey, mangos de piolets, raquetas de tenis, esquís, tacos de billar, zorras para deslizarse na neve, remos, aparellos de ximnasia, etc. Os toneis feitos con madeira de freixo son moi apreciados para envellecer augardentes e licores incoloros, como o kirsch, porque proporcionan moi pouca cor ao líquido que conteñen. A súa leña é un bo combustible e produce un carbón vexetal de calidade. As ramiñas dos freixos son apetecidas polos animais domésticos e nutritivas, polo que estas árbores eran con frecuencia demoucadas para que o gando comese as follas e gromos nas épocas en que escaseaba o pasto nos prados: no verán e no inverno; neste último caso tratábase de ramiñas secadas á sombra para que non lles caesen as follas.

O freixo da terra, de folla estreita, de Castela ou Mediterráneo (*Fraxinus angustifolia* Vahl.) é una árbore semellante aínda que de altura máis modesta, 10-15 (25) m, con copa redondeada, xemas pardas algo tomentosas e follas máis cativas (15-25 cm), xeralmente con 5-13 folíolos lanceolados ou lanceolado-lineares, estreitos, rematados en punta, de 3-9 x 0,6-2,5 cm, sésiles, coa beira serrada, xeralmente co mesmo número de dentes que nervios laterais, lampiños polas dúas caras. Floración moi precoz, con flores nús, semellantes ás da especie anterior, unisexuais ou bisexuais, en panículas opostas que se dispoñen sobre as pólas do ano anterior; florece no inverno ou comezos da primavera e maduran os froitos, sámaras mareladas coas ás lanceoladas e aguzadas de 2-4,5 x 0,6-1 cm, a finais do verán. Medra no occidente da rexión mediterránea e en España atópase en case tódalas provincias, escaseando cara ao norte, pois é unha árbore de querenza mediterránea. En Galicia abonda máis na metade



meridional.

É máis esixente en humidade edáfica ca o freixo euro-siberiano e medra en solos de variada natureza mineralóxica, sendo común en bosques de ribeira e en vales nos que a auga freática está cerca da superficie do solo, desde o nivel do mar ata os 1.000 m de altitude. A madeira, a leña e a ramaxe

son de boa calidade e teñen utilidades similares ás citadas para o freixo común. É frecuente, sobre todo na España mediterránea, ollar estes freixos demoucados ou descabezados (córtanselles todas as pólas para aproveitar as ramiñas foliadas para o gando e o resto para leña), o que lles confire ás árbores una configuración particular: a parte alta do tronco engrosada, da que saen ramas novas finas que forman una copa redondeada de reducidas dimensións.

En Galicia atópase, ademais da forma típica, o chamado freixo de froitos aguzados, *Fraxinus angustifolia* L subsp. *oxycarpa* (M. Bieb. ex Willd.) Franco & Rocha Afonso, con características intermedias entre o freixo euro-siberiano e o mediterráneo (podería tratarse dun cruzamento entre ámbolos dous), pois amosa os folíolos algo máis anchos ca o *F. angustifolia* e algo pilosos no envés. As póliñas dos freixos son flexibles e utilizáronse en cestería.

Os froitos novos, tras un tempo encurtidos en sal e vinagre e cambiándolles a salmoira varias veces, téñense empregado como condimento culinario. O aceite

das sementes dos freixos é comestible, semellante ao do xirasol.

A casca das pólas utilizouse no pasado para curtir peles, polo seu contido en taninos, como tintura azul e como remedio tónico e febrífugo, e as follas, que se empregaron para adulterar o té, usáronse para tinguir de verde e conteñen gran cantidade de taninos catéquicos e gálicos, pigmentos flavonoides, sobre todo rutósido, e heterósidos cumarínicos (fraxósido) en pequenas cantidades, principios que lles confiren propiedades diuréticas, antirreumáticas e laxantes. A infusión das follas emprégase como re-



medio para a artrite e outros procesos reumáticos, oliguria, urolitíase e gota, e prepárase fervendo 15 gramos de follas en 100 ml de auga. Recoméndase tomar tres cuncas ao día durante un período de dúas semanas, podendo aromatizarse a infusión con menta.

Segundo Quer, as sementes ben maduras, secas, reducidas a po e tomadas con viño axudan a adelgazar.

Na antiga Roma, os freixos, xunto cos umeiros e os chopos, plantábanse para suxeitar as videiras, e,



O freixo da parroquia de Atios téñ unha circunferencia basal de 4,42 m.

segundo conta Columela, xa daquela as follas eran alimento para o gando ovino e caprino.

Segundo Plinio, os freixos afastan as cobras, pois conta o historiador que eses réptiles preferían atravesar antes unha fogueira que un cerco formado con follatos destas árbores. Nalgúns lugares poñen colares feitos con ramiñas de freixo aos animais para que non os mordan eses ofidios ou non sufran moito dano se son mordidos por eles.

Na comarca lucense dos Ancares esmiuzábanse os tizóns de pólas de freixo miúdas, queimadas na lareira, e o po resultante utilizábase como abrasivo para limpar os dentes despois das comidas. Nalgunhas localidades aragoesas mascan as follas frescas dos freixos para fortalecer as enxivas e corrixir o mal alento.

Nos freixos recóllese a cantáride, insecto coleóptero que se deseca e pulveriza para obter a cantaridina, composto químico venenoso que se utilizou, por vía oral, como afrodisíaco e para corrixir a disfunción sexual masculina, aínda que tamén produce irritacións no aparato urinario. Por vía externa, aplícase sobre a pel para queimar verrugas, pero tamén ocasiona irritación e comechón. Á in-

fusión de froitos de freixo de folla estreita tamén se lle atribúen en Marrocos efectos afrodisíacos.

Os freixos foron árbores máxicas veneradas polas civilizacións antigas: romanos, gregos, vascos, norteafricanos, viquingos, celtas...

Nalgúns países do norte de Europa o freixo euro-siberiano era considerado unha árbore máxica e protectora. Plantábase xunto ás casas para que protexese os humanos e os seus bens, pois considerábase que atraía a saúde e a fortuna e evitaba desgrazas sobre a familia e a facenda, por exemplo escorrentando os raios nas tormentas.

Os celtas utilizaban a súa madeira como talismán para protexerse do afogamento e atribuían aos seus froitos poder curativo para diversos males. Os druídas usaban pólas de freixo para obrigar os demos a responder a preguntas de difícil resposta. Como consecuencia de ser empregadas nos rituais pagáns, os cristiáns tiñanas polas árbores máis pagás e rexeitábanas, considerando que nelas moraban os demos.




En Galicia medran exemplares monumentais de freixos, como os que foron incluídos no Catálogo Galego de Árbores e Formacións Senlleiras: o freixo mediterráneo do Val, na parroquia das Nocedas, do concello lucense de Monforte de Lemos (20,90 m de altura, 6,70 m de circunferencia basal e 19,25 m de diámetro de copa), e un grupo de catro freixos euro-siberianos da Casa do Gado, parroquia de Porta, no concello coruñés de Sobrado dos Monxes, o máis grande dos cales ten 30,90 m de altura, 3,24 m de circunferencia basal e 10,85 m de diámetro de copa.

Nos xardíns galegos cultívase con frecuencia o freixo de flor (*Fraxinus ornus* L.), a terceira especie do xénero autóctona en España, pero que non chega a Galicia como planta ventureira. O nome científico procede do verbo latino orno, adornar, en alusión ao valor decorativo das súas flores; **ornus** era tamén o nome que daban os romanos a este freixo, do que falan Virxilio, Horacio e Plinio, e así se chamaba a lanza feita coa madeira deste freixo, como a de Aquiles, que se cita nos relatos de Homero. É una arboriña de 5-10(20) m de altura, con xemas pardas ou agrisadas, moi pilosas, e follas de 5-9 folíolos

ovado-lanceolados, de 3-8 x 1.8-4.5 cm, curtamente peciolados, coa beira finamente serrada, con pilosidade ferruginosa nos nervios polo envés. Flores coetâneas (florece ao mesmo tempo que agroman as follas ou trala foliación), moi aromáticas, xeralmente bisexuais, vistosas, en panículas terminais ou axilares; cáliz campanulado con catro lóbulos, persistente, corola con catro pétalos brancos, largos e estreitos, libres, e androceo con dous estames de longos filamentos entre os que se dispón o pistilo. Froito en sámara lanceolada, de 2-2.5 x 0.4-6 cm, co ápice truncado oblicuamente e algo escotado ou mucronado. Florece na primavera e maduran os froitos a finais do verán ou no outono. Esténdese polos países que bordean o norte do mar Mediterráneo, desde España ata Turquía, xeralmente en barrancos, valgadas e beiras de cursos de auga nos aveseados de montañas de clima suave e non moi seco, sobre solos calcarios. No sur de Italia e na illa de Sicilia cultívase para obter unha droga laxante e azucrada (polo seu contido en substancias azucradas coma o manitol), o maná, practicando durante o verán unhas incisións transversais na casca do tronco, polas que flúe un líquido doce que se converte logo nunha masa sólida de cor amarelada. A casca e as follas teñen propiedades semellantes ás dos outros freixos xa citados. Non o atacan os insectos cantáridos.

Tamén se cultivan como árbores de enfeite en parques e xardíns de Galicia os dous freixos autóctonos en Galicia e outras especies foráneas, xa que medran axiña, dan boa e fresca sombra e son resistentes ás pragas e doenzas, aínda que o pole destas árbores pode producir alerxias respiratorias a algunhas persoas, o que supón unha limitación de cara ao seu uso ornamental. Tamén é un inconveniente desde este punto de vista que os freixos son plantas algo tóxicas e o contacto da pel humana coas follas pode producir dermatite.




Rescatando un anaco da nosa Cultura



TRABALLO GANADOR DO CERTAME 2010

OS ZOQUEIROS

Autor: Aníbal Cid Babarro



NA MEMORIA

O ser humano tivo a necesidade de cubrir os pés para protexelos da contorna natural e dos rigores atmosféricos. É, pois, o calzado un ben moi antigo, que ademais de protección, ofrecíalle un estatus social e a distinción dos seus semellantes. En Exipto, soamente o Faraón e os dignitarios podían ter calzado. Na Grecia antiga distinguía os homes libres dos escravos.

A madeira foi dos primeiros materiais que se empregou para facer calzado san, que illase o pé do barro e da humidade; sendo cómodo,

*Par de zocas
ou chancas*



quente e comfortable, tal foi o seu éxito, que chegou ata nós como heranza dos nosos devanceiros.

Os zocos e zocas empregáronse no litoral atlántico europeo dende o norte da Península Ibérica. Foron desaparecendo debido á mellora dos camiños e á mecanización do rural; pero aínda podemos atopalos nas zonas de montaña e nos grupos folclóricos de Galicia, Asturias e Cantabria, onde teñen máis variedades, que difiren na forma e decoración, co pico máis longo ou máis curvo.


En Galicia chamámoslle "zocas" ao calzado feito dunha peza de madeira, axustado ao pé, porque se

calzan cuns calcetíns gordos de la, teñen chaira a sola, diferenciando planta e tacón. En Asturias as "madre as" son da mesma forma co engadido de dous pés adiante e un tacón máis alto. No Bierzo e norte de León, as "galochas", que teñen tres pés. En Cantabria as "albarcas" diferéncianse das galochas por



suplementar os pés con "tarugos" e ser máis amplas, xa que se empregan cunhas alpargatas; dise nestes lugares que se podía saber quen estaba na misa polas albarcas que había no adro da igrexa.

Partes da zoca e do pau do zoco

ZOCA



PAU DO ZOCO
CRANCA



Tronza do tarugo

As zocas forman parte dos traxes rexionais e nacionais dalgunhas comunidades europeas, e son o calzado tradicional dos Países Baixos, Holanda, Bélxica e do norte de Francia. Están moi estendidos polo sur de países nórdicos, Noruega e Suecia. En Francia chámanse “*sabots*”, e foron o calzado dos obreiros durante o século XIX; cóntase que coas primeiras folgas obreiras, ante a chegada das máquinas e co temor da perda dos postos de traballo, os obreiros, como forma de protesta, metían as zocas nos mecanismos das máquinas para danalas; o cal foi a orixe do termo “*sabotaxe*”. Por outra parte, en Inglaterra empréganse máis os “*zocos*” ou “*chanças*” coa sola de madeira e a parte de arriba de coiro, aos que lles chaman “*english clog*”. Nos bailes tradicionais empréganse os “*clog dancing*”, que foi a base do “*claqu*”, o zapateado americano.

OS ARTESÁNS

O zoqueiro noutro tempo foi un oficio moi estendido, habendo polo menos un en cada vila de Galicia, a maioría cun pequeno obradoiro a carón do seu fogar. En verbas de Xaquín Lorenzo, é un “*oficio sinxelo que non precisa moita ferramenta, case t dolos campesi os foron zoqueiros e dedicaban os fins do ver n a facelos paus precisos para o calzado seu e da s a familia*”. Era un oficio de tempada, compaxinado coas tarefas do fogar agrícolas e gandeiras. Adoitaba ser itinerante, pois íase “*zoquear*” á casa do cliente, desprazándose a pé coa ferramenta ás costas nunha cesta; nestes casos acordábase un xornal pola cantidade de pezas, polo xeral tres ou catro pares, chegando a facer ata oito pares no día, sendo a estancia “*a mantido*”, co almorzo, xantar e cea.

O oficio de zoqueiro require de grandes desprazamentos polas aldeas, xa que ían ás romarías e polas casas arranzando os usados, facendo novos a medida, ou ben vendendo os que traían feitos, segundo reflicte o dito: “*Vimos dunha romar a e ma imos para outra, as pasamos o tempo dunha romar a noutra*”.




Sacando pau no burro de desbastar

O traballo consistía en facer “*paus de chancas*” que logo lles venden aos zapateiros para cubrilos con coiro, dando lugar aos “*zocos*” ou “*chancas*”, que se empregaban no sur da provincia da Coruña, Pontevedra e Ourense, por ter un clima máis seco. As zocas, que son totalmente de madeira, feitas dunha peza, empréganse máis na provincia de Lugo e norte da Coruña, por ser un clima máis húmido. Con anterioridade ao ano 1960, este era o tipo de calzado do 90% dos galegos do rural.

Aínda sendo un traballo sinxelo e de grande esforzo físico, os artesáns teñen moita pericia e destreza, son capaces de manexar a coitela e as llegas facendo panca, e outras ferramentas manuais de grandes dimensións, con peso considerable, pero que nas súas mans parecen instrumentos de precisión e liviáns, voando sobre a zoca.

As miñas informacións baséanse no saber e pericia dos zoqueiros D. David Francos Castro, da Graña (Abadín-Lugo), D. Alfonso Ferro, de Merza (Vila de Cruces-Pontevedra), D. Secundino Geda Funcasta, de Alfoz (Lugo) e do seu fillo D. Alberto Geda, referente actual e zoqueiro innovador, promotor dun obradoiro-museo do oficio en Mondoñedo.



Traballando coa aixola

Burro de escavar



A MADEIRA

A riqueza forestal de Galicia foi o motivo principal do desenvolvemento da carpintería e dos oficios nos que se emprega a madeira. Abonda ollar as estruturas das casas, embarcacións, carros do país, hórreos, cabaceiros, sellas, cubas, vaixelas, chancas e zocas; todas elas pezas ou elementos de emprego doméstico cotián. Para que isto fose posible, foron necesarios unha serie de oficios, a maioría deles hoxe extinguidos: serranchíns, arrieiros, serradores, carpinteiros de ribeira, carpinteiros de armar, ebanistas, santeiros, fragueiros e zoqueiros, os cales nos interesan neste intre, e dos que farei unha pequena investigación.


Como materia prima emprégase a madeira de ribeira, porque resulta branca, lixeira e fácil de traballar, sendo ao mesmo tempo resistente á auga e de longa duración.

Fanse especialmente de vido, inda que tamén se emprega salgueiro, faia, cerdeira e amieiro, que é máis quente nos pés, e, xeralmente, cóciase antes para que non amarelase e para trocar as pezas nas feiras, como se fosen de madeira de vido, máis branca, dura e resistente. A madeira córtase en lúa minguante, no mes de agosto, por ser a época na que as ribeiras están máis enxoitas, e déixanse tres semanas a “deszumar” ao ar.


AS FERRAMENTAS

Unha vez cortada a madeira, comeza a primeira fase da zoca, onde son necesarias a vara de medir, burro de desbastar, serrón, machado, macico, brosa, coitelo, serra de costela e aixola.

Para a segunda fase, na que se define e remata a zoca, emprégase burro de escavar, mazo, gubia calcañeira, trade, llergas, banco de zoquear, prato ou táboa, raseira, rebocador e repinisco.



Porta-llergas



As zocas das mulleres son máis finas e estreitas, acostuman a ter o pico máis levantado e algo máis de tacón, aínda que nunca moito. As dos homes son máis brutas, coa empeña máis ancha e máis cubertas. O espesor déixase segundo o gusto da xente, máis ou menos pesadas; tamén se ferraban poñéndolles unhas lamias ou cravos no piso para evitar o desgaste.

O PROCESO DE TRABALLO

O artesan colle a medida do pé do cliente, ollando a forma de andar e a lonxitude dos seus pasos, co obxecto de facer a zoca o máis adaptada posible ás súas necesidades para que lle resulte cómodo ao camiñar.

No obradoiro traballaban polo xeral dúas persoas. Comezan o labor cortando a madeira co "serr n" en tarugos duns 31 cm, para zocas do talle 40. Ademais de aproveitar a madeira, era de moita estima e de bo artesan que na zoca se visen marcas das testas do tarugo, o cal se fende coa axuda do



Traballando co trade

"machado" e do "macico" facendo catro anacos, para que de cada un deles saia unha zoca. Cada un ten unha cuarta de ancho e catro dedos de longo.

Pásase ao "burro de desbastar", e a cada anaco de madeira dáselle a forma externa aproximada, "sacando pau" ao desbastalo coa "brosa", marcando o tacón coa "serra de costela" e perfilando a forma coa "aixola".

Logo no "burro de escavar" asegúrase a peza con cuñas de madeira, para



Traballando coa gubia calcañeira



Traballando coa llerga

marca coas "gubias calca eiras" e balear o interior co axuda dos "trades" e das "llegas".

Alísase no "banco de rasoira" pasándolle a "raseira", aínda que tamén se pode facer este traballo sentado nunha cadeira, apoiando a peza nas pernas e protexéndose dos cortes co "prato ou t boa" atado no peito.

Por último, pásase o "revocador" polos cantos e afúmase, logrando a cor negra queimando xesta verde ou casca de vido. Para a cor avermellada, queimábase casca de amieiro. Nos últimos tempos tinguense, preparando un verniz cocendo "anilina caparrosa" e dáse con brocha; logo, se se quere, fanse uns debuxos co "repinisco", que deixa gravados en "v".



Traballando coa raseira

O FOLCLORE: REFRÁNS, DITOS, ADIVIÑAS E LENDAS

REFRÁNS DO ZOQUEIRO

- O zoqueiro foi á misa,/e non sabía rezar;/andaba polo altar:/hai zocos pra remendar?
- O cura de Vigo é xastre,/o de Cangas mariñeiro,/o de Ourense afiadador,/e o do Porriño zoqueiro.
- Para peixe fresco Vigo,/para chocos Redondela,/para zocos O Porriño,/e para beretes Chapela.
- Santo Armariño novo,/feito de pau de ameneiro,/irmán das miñas zocas,/criado no meu lameiro.
- Amendoíñas nas orellas,/maldita gala che é,/unha boa camisiña/e bos zocos no pé.
- Rosiña andaba descalza,/Rosiña porque quería,/da casa do zoqueiro/Rosiña ben sabía.
- Teño que vir á Somoza/nuns zoquiños de abeneiro;/pra que pelexen por min,/heime meter arrieiro.
- Mira se con outro trocas,/nin me van os teus zapatos,/nin che van as miñas zocas.

Ditos do Zoqueiro

- Aos pés tortos, dálles zocos.
- Zoco, canto me duras? Canto ti me untas!
- Inda que me ves descalzo neno, tres pares de zocas teño!

Adiviñas do Zoqueiro

- De noite boca arriba, de día métenlle carne viva. (As zocas).
- Pequenos coma galos, e cargan coma cabalos. (Os zocos).

Lenda do Zoqueiro de Monforte

No barrio antigo de Monforte de Lemos vivía Xosé, un zoqueiro que na casa onde estaba tiña un obradoiro cunha exposición de moito e fermoso calzado; pero non cesaba de traballar. Un día díxolle á súa dona que ía xubilarse e deixaría o oficio; inda que antes faría as zocas máis abraiantes. Comezou en setembro co traballo e rematou en outubro, púxoas ao público e todas as

persoas preguntaban se estaban á venda; pero Xosé respondía que non tiñan prezo, que non había cartos que puidesen pagar o seu valor sentimental. Sabedor o Conde de Lemos, enviou emisarios para mercalas, e o artesán volveu coa mesma resposta. O señor Conde molesto berrou: " *un tolo que prefire ter unhas zocas a ser un home rico*".

Polo novembro, o zoqueiro díxolle á familia que ían atender a tenda, pois el desexaba ver o Belén de Begonte; e viron moi ben que tomase unhas vacacións. Durante días estivo cos preparativos e unha mañá de Nadal, antes da Inmaculada, ao canto do primeiro galo de Lemos, tomou un macho que tiña, e despedíndose da familia marchou camiño de Begonte. Nun macuto levaba os manxares e noutro as zocas; chegou a Begonte coa luz das primeiras estrelas, fixo noite nunha venda preto do camiño e pola mañá cedo foi visitar o Belén; pero o zoqueiro agardou, quixo ser o último. Entrando prostrouse ante a Sagrada Familia e dixo: "*Nai nosa, querida Nosa Se ora Mar a, o teu fillo o noso Salvador, est descalzo, e fago esta ofrenda para que El te a as mi as mellores zocas*". A Virxe, en voz queda, sen escoitala o zoqueiro, dixo: "*Grazas, zoqueiro, estas zocas ser n para outra persoa m is necesitada, pois Xes s veu a este mundo para sufrir e abondo ten cunhas alpargatas*".

Logo volveu para a casa, e ao vir por Bóveda, o Val de Lemos estaba cuberto de néboa. Cando desapareceu, brillou un sol extraordinario. Na casa, a súa muller estaba chorando moi aflixida, porque naquela néboa perdérase a súa filla Uxía, e non aparecía por ningún sitio. A muller contou que, envolto na néboa chegou un ser moi estraño que traía as zocas aquelas, pediulle á moza que as calzase e nese intre desapareceron. Unha noite tiveron un soño no que aparecía a súa filla e dicía: "*Non te ades medo, esas zocas eran as que eu esperaba para facer o cami o ata o convento das clarisas, agora son unha m is; pero estou plenamente dedicada a facer zocas, por iso o meu alcume a monxa zapateira, e a nda que pareza mentira, recib n un encargo da mesma Virxe Mar a, que quere que faga unhas sandalias para o seu querido Fillo*". Despois deste soño o zoqueiro e a súa muller desapareceron. Pasados uns anos, un monfortino que sabía a lenda, foi a Begonte e viu no Belén a presenza da néboa e a dun zoqueiro traballando feliz e contento.

Lenda das Zocas Faladoras

Na parroquia de Insua, en Vilalba, cóntase dun rapaz que era zoqueiro e tiña relación cunha moza, pero os pais del non a tiñan ben considerada. Aínda así zoqueoulle un par coa intención de agasallala; mais antes de poder facerlle o presente, a teima dos pais rachoulle a relación. De alí en adiante, e cada vez que saía da casa para ver outras mozas, sempre lle aparecían unhas zocas ao saltar o pasadoiro. El recoñecía e intentaba calzalas, pero non lle servían. Así moitas veces ata que un día as zocas falaron e dixéronlle:

"*Ves a que chega a t a avaricia, queres meter os p s onde non che collen!*".

RESCATANDO UN ANACO DA NOSA CULTURA



NOVO CERTAME CONVOCATORIA ANO 2011

TEMA: "As peles. O curtido do coiro"

SYNGENTA AGRO, continuando coa tradición deste **Almanaque** de rescatar anacos da nosa cultura, establece para este ano un novo Certame dotado cun PREMIO DE 600 € ao mellor traballo sobre o tema "As peles. O curtido do coiro". O traballo gañador publicárase na próxima edición do "Almanaque agrícola ZZ".

BASES DO CERTAME

- 1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e empregados da Compañía e os seus familiares directos.
- 2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a SYNGENTA AGRO, referencia "CONCURSO", a A Relva s/n, 36400 O Porriño (Pontevedra), antes do 30 de setembro de 2011. Os traballos achegados non serán devoltos e a Compañía poderá empregalos para outras publicacións da mesma.
- 3) Os traballos han de estar redactados no **idioma galego normativo**, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (CD, disquete, ...). Admitiranse traballos electrónicos, que serán enviados á ligazón www.almanaque-zz.com/contacto.php, e deberán versar sobre os seguintes aspectos:
 - A pel e o coiro. Prehistoria e historia.
 - O proceso de curtido. Métodos distintos e evolución dos mesmos durante o tempo. Fases do proceso dende a preparación do material ata o rematado.
 - O artesan mestre curtidor e o curtido industrial e hidráulico. Materiais e produtos empregados, ferramentas e máquinas. Esquemas e gráficos.
 - Comarcas de Galicia con marcada historia do curtido. Adquisición da materia prima. Produtos finais obtidos co coiro.
 - Situación do sector e da peletería actual en Galicia. Refrás, ditos, cantigas, lendas ou pequenos contos relativos ao oficio.

Nota: no apartado gráfico valoráranse especialmente debuxos ou gráficos inéditos. Non se admitirán fotografías baixadas de internet.

- 4) O Xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a partir do 1º de outubro do 2011.

KARATE[®]

CON TECNOLOGÍA
ZEON[®]

Eficacia en microesferas

Alta tecnología nunha
formulación para o
control de pragas en
múltiples cultivos.

TECNOLOGÍA ZEON

- Rápida acción.
- Excelente persistencia.
- Eficacia contrastada.
- Baixo risco ecotoxicolóxico.
- Versátil.
- Compatible.



syngenta

As novas Castes de Vide

A variedade "Branca lexítima"

1. Introducción:

A "branca lexítima" é unha variedade moi importante sobre todo na comarca de Betanzos, onde se pode considerar unha variedade emblemática, porque cumpre coas necesidades climáticas requiridas polo medio da viticultura betanceira. É de ciclo moi curto de acordo coas reducidas posibilidades de luminosidade deste medio ecolimático atlántico.

Trataremos de implantala cunha fórmula de encepamento apoiada nun portaenxertos pouco vigoroso (a branca lexítima tén bastante

forza), de xeito que creemos aquí unha viticultura de pouco vigor para atenuar os problemas de esbarrelado ou corremento de acios, adiantar a maduración para conseguir rematar os ciclos e acadar as mellores expresións destes viños, e reducir os riscos de ataque por botrite.

2. Ampelografía:

Folla adulta: variedade de folla grande, pentagonal, enteira, verde escura, lixeira pigmentación antociánica sobre os nervios principais e punto peciolar, con avultamentos en limbo e ondulación deste localizada tamén no punto peciolar.

Folla plana, bordos lixeiramente cara ao envés con inchazón media da face. Dentes de lados rectilíneos, curtos e anchos.

Seo peciolar pouco aberto, en forma de V. Os seos laterais superiores, cando aparecen, son abertos en V tamén. Lixeirísima presenza de pelos tombados no envés e media sobre



os nervios. Face glabra. Peciolo curto, máis curto ca o nervio central.

Acio: pequeno, curto, de compactidade media, con pedúnculo tamén curto e non lignificado.

Bago: de tamaño medio, curto e uniforme, con pedúnculo curto non lignificado. De forma elíptica curta e sección circular. Cor verde amarela uniforme, con pruina media e pel grosa. Embigo aparente, polpa non coloreada, celmosa, branda e de gusto especial. Pedicelo moi curto de fácil separación. Pebidas alongadas.





3. Características agronómicas:

Variedade de vigor medio alto, brote e maduración precoces. Fertilidade desprazada cara a xemas medias do bacelo. Mala adaptación a podas curtas.

Produción medio-baixa (ata 6.000 kg/ha).

Sensibilidade media á mera, media á cinsa e, comparativamente, baixa á botrite.

4. Características enolóxicas:

Viños de cor amarelo-pálida, con potencial aromático intenso e personalizado. Viño moi terpénico, con recordo a mel, e flor branca.

Un pouco desequilibrado, con aresta ácida moderada e sensación de alta personalidade en boca. Excelente resistencia en posgusto.

Excepcional para mestura con Agudelo nun 20-25 %.



iboa uva, bo viño!



**Que, ao final,
o que de verdade importa
é a calidade**

SWITCH[®]

Máis protección. Máis eficacia.

syngenta[®]






O TEMPO



Friaxe mollada con vento norte que rematará preto da fin de mes cun xaneiro verdadeiro. Tempo anubrado e frío con días máis chuviosos no Golfo Ártabro. Convén facer neste mes a poda das froiteiras de carabuña, que son a primeiras que agroman.

"En xaneiro deixa ao retellador e xúntate co ferreiro"
"Auga de xaneiro todo o ano dá tempo"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2010)	13,1	4,9	8,98	16	120,82
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2010)	11,5	4,3	7,7	19	234,7
Lugo	Campus Lugo (2000-2010)	10,6	7,0	6,07	13	90,2
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2010)	13,1	7,1	10,1	15	108,9
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2010)	9,5	3,8	6,6	12	99,2
	Ourense-Ciencias (2005-2010)	12,2	4,4	7,8	11	98,0
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2010)	11,2	1,7	6,1	15	123,0
	Corón-V. de Arousa (2002-2010)	13,4	7,4	10,5	13	156,4

1 S. **Nai de Deus.** S. María.
1953. *Publicase o primeiro número do Almanaque agrícola ZZ. Sempre en idioma gallego normativo, é un manual agrario de carácter técnico, etnográfico, e con diversos contidos vencellados a sabiduría popular. 100.000 exemplares de tirada anual.*

2 D. Ss. Basilio; Gregorio.

3 L. S. Xenoveva.

4 M. Ss. Iolando; Rigoberto.
1882. *Sae á rúa o primeiro número de La Voz de Galicia.*
1922. *Pepe Da Pena (José Cerviño García), morre en Cotobade, un dos mellores santeiros (construtores de cruceiros).*
1977. *Lei sobre a reforma do Rexistro Civil para traducir os nomes propios ó galego.*

5 M. S. Emilia.
1976. *Créase o Consello de Forzas Políticas.*

6 X. **A Epifanía. Os Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar.**
Ss. Wilma; Melanio.

7 V. S. Raimundo.
1950. *Morre Castelao en Bos Aires.*

8 S. Ss. Luciano; Eladio.
1979. *Fúndase en Barcelona Edicións Sotelo Blanco.*

9 D. **Bautismo do Señor.**
S. Lucrecia.

10 L. S. Gonzalo.

11 M. S. Alexandre.
1533. *A Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda aumentar dúas provincias: A Coruña e Tui.*
1859. *Nace en Carballo Alfredo Brañas.*

12 M. S. Xulián.
1912. *Nace en Celanova o escritor Celso Emilio Ferreiro.*

13 X. S. Hilario.

14 V. S. Félix.

15 S. Ss. Raquel; Amaro.

16 D. S. Marcelo.

17 L. Ss. Antón Abade; Guido.

18 M. Ss. Prisca - Priscila.

19 M. S. Mario.



Lúa
Chea

20 X. Ss. Sebastián; Fabián.
1765. *Inaugúrase na Coruña a Academia de Agricultura.*

21 V. S. Inés.

22 S. Ss. Laura Vicuña; Vicente.

23 D. S. Virxinia.

24 L. S. Francisco de Sales.

25 M. S. Elvira.

26 M. Ss. Timoteo; Tito; Guímar; Ansurio; Viliúlfo.



Cuarto
Minguante

27 X. Ss. Ánxela Merici.

28 V. S. Tomé de Aquino.
1731. *Primeira sesión da "Academia Literaria Compostelana", presidida por Pablo Mendoza de los Ríos.*
1902. *Nace o pintor Urbano Lugrís.*

29 S. S. Valerio.
1899. *Nace en Rianxo o escritor Rafael Dieste.*
1930. *Morre o poeta Manoel Antonio.*

30 D. S. Martiña.
1886. *Nace en Rianxo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.*

31 L. Ss. Xoán Bosco; Marcela.
1809. *Ocupación de Vigo polas tropas francesas.*
1820. *Nace en Ferrol Concepción Arenal.*

Febreiro



O TEMPO






Moitos días cubertos de nubes e venteiros darán un tempo de invernia que non durará todo o mes, pero será propio dos inicios perante a Candeloria.

A neve curtirá ben as brozas e podremias da terra que quedaron á intemperie e os días de raiola serán propios da fin do mes.

Os días son aínda pequenos e chegan a pouco para rematar traballos de poda e cava de viñas ou froiteiras.


"Come máis un día de sol no febreiro ca tódolos cabalos do Reino"
"Tanto gañado, tanto gastado, non é bo recado"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2010)	14,21	3,7	8,69	10	85,98
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2010)	14,1	3,9	7,7	9	128,2
Lugo	Campus Lugo (2000-2010)	12,2	6,2	6,23	11	77,6
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2010)	13,3	6,2	9,7	11	89,9
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2010)	12,3	4,5	7,9	7	70,9
	Ourense-Ciencias (2005-2010)	15,4	4,0	8,9	8	76,7
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2010)	12,7	0,8	6,2	8	91,8
	Corón-V. de Arousa (2002-2010)	14,5	7,0	10,5	11	89,0

1 M. S. Severiano.

2 M. S. Candeloria. *Presentación do Señor.*

3 X. Ss. Brais; Óscar; *Francisco Blanco.*

Lúa Nova
1807. *Nace en Ferrol o pintor Pérez Villaamil.*

4 V. S. Xilberte.
1135. *Fundación do mosteiro de Aciveiro (Forcarei).*
1864. *Nace en Betanzos Salvador Cabeza De León.*
1893. *Morre en Vigo Concepción Arenal.*

5 S. S. Ádega.


6 D. Ss. Doris; Paulo Miki.

7 L. S. Gastón.
1876. *Primeiro número da publicación O Tío Marcos da Portela, totalmente en galego, dirixido por Valentín Lamas Carbajal.*

8 M. Ss. Xerome Emiliano; Xacoba.
1835. *Nace en Ponteceso o escritor Eduardo Pondal.*

9 M. S. Rebeca.

10 X. S. Escolástica.
1810. *Motín obreiro en Ferrol capitaneado por Antonia Alarcón.*
1890. *Naufrexio do buque inglés The Serpent ó carón do Cabo Vilán.*

11 V. Nosa Señora de Lurdes.

Cuarto Crecente
1885. *Nace na Coruña o escritor Wenceslao Fernández Flórez.*

12 S. S. Pamela.

13 D. S. Beatriz.

14 L. Ss. Cirilo; Valentín.

15 M. Ss. Fausto; Xurxa.
1765. *Sae á rúa o xornal La Región.*
1944. *Constitución do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.*

16 M. S. Samuel.

17 X. S. Aleixo.

18 V. S. Bernarda.


Lúa Chea

19 S. S. Álvaro.
1949. *Fundación de Cerámicas do Castro.*


20 D. **Domingo de Septuaxésima**
S. Clodio.

21 L. S. Severino.
1900. *Morre en Compostela Alfredo Brañas, político e economista.*

22 M. Ss. Eleonora, Nora.

23 M. S. Florencio.
1908. *Nace en Botos (Lalín) o pintor José Otero Abeledo "Laxeiro".*

24 X. Ss. Rubén; Serxio.
1837. *Nace en Santiago Rosalía De Castro.*
1985. *Comeza a emitir a Radio Galega.*

25 V. Ss. Néstor; Sebastián de Aparicio.

Cuarto Minguante
1861. *Nace en Pontevedra o pianista Carlos Sobrino.*

26 S. S. Augusto.

27 D. S. Leandro.

28 L. S. Román.
1981. *Morre en Vigo o escritor Álvaro Cunheiro.*

Marzo



O TEMPO






Mes con moitas caras. No comezo aínda caerá neve na montaña que traerá friaxe aos vales. Despois brétemas, choiva de pouca auga e sarabia. Rematarase a poda da viña

nos tonaais, onde o risco de xeada e mais torte e botaremos o herbicida para limpar marxes e hortas, de xeito que traballalas sexa máis doado.

"Marzo marzán, á mañá cara de rosa, á noite cara de can"

"Con choiva e con vento, non vaías de casa que perdes o tempo"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

						
	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2010)	16,17	5,6	10,68	12	120,81
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2009)	16,6	5,5	9,1	12	222,1
Lugo	Campus Lugo (2000-2010)	14,9	7,7	8,91	13	89,8
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2010)	15,0	7,8	11,3	13	89,7
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2010)	14,2	4,9	8,9	7	50,4
	Ourense-Ciencias (2005-2010)	17,5	6,2	11,4	8	63,4
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2010)	15,2	2,5	8,4	8	103,5
	Corón-V. de Arousa (2002-2010)	15,9	8,6	12,2	10	113,8

1 M. S. Rosendo.
1493. Arribada da caravela La Pinta ó porto de Baiona, pilotada polo pontevedrés Sarmiento.

2 M. S. Lucio.
1886. Nace na Coruña o compositor Eduardo Rodríguez Losada.

3 X. S. Celidonio.

4 V. Ss. Ariel; Capitón.
1889. Nace en Cambados o escultor Francisco Asorey.
1936. Morre o galeguista Antón Vilar Ponte.



Lúa
Nova

5 S. S. Olivia.
1888. Nace en Ourense Ramón Otero Pedrayo.

6 D. S. Elcira.
1856. Banquete intelectual de Conxo, con Pondal e Aurelio Aguirre.

7 L. Ss. Perpetua; Felicidade.
1908. Morre en Cuba o escritor Curros Enríquez.
1909. Nace en Santiago Xosé Mª Castroviejo.

8 M. **Martes de Entroido**
S. Xoán de Deus.
1917. Morre na Coruña Eduardo Pondal.

9 M. **Mércores de Cinza**
S. Francisca Romana.
1695. Nace no Bierzo Frei Martín Sarmiento.

10 X. S. Macario.
1944. Editase en Bos Aires Sempre en Galiza de Castelao.
1965. Morre en Belesar o derradeiro guerrilleiro da Resistencia Galega Xosé Castro Veiga "O Piloto".

11 V. S. Eulolio.

12 S. S. Norma.

13 D. S. Rodrigo.



Cuarto
Crecente

14 L. S. Matilde.

15 M. S. Luísa de Marillac.

16 M. S. Heriberto.

17 X. S. Patricio.
1960. Morre en Madrid o pintor Álvarez De Sotomayor.

18 V. S. Cirilo.
1897. Nace en Pontecesures o pintor Carlos Maside.

19 S. S. Xosé.
1847. Fúndase o "Círculo de Artesanos" a prol do desenvolvemento cultural de Galicia.



Lúa
Chea

20 D. S. Alexandra.
1886. Nace en Mugardos o pintor Felipe Bello.

21 L. S. Uxía.
DOSE: 15 - 25 ml/hl conforme os cultivos.

TRI-MILTOX SUPRA

NOVO

17,5 % Mancoceb +22%
Oxicloruro de cobre
(expr. en Cu).
1 kg, 5 kg.

Nº 24441 Xn - N
PS: 3 días en berexena e tomate de invernadoiro e corcubitáceas de pel comestible; 7 días en corcubitáceas de pel non comestible; 10 días en berexena e tomate de aire libre; 15 días en cítricos, garabanzo, lúpulo, herbas aromáticas, oliveira, vide, cebola, allo, chalota, porro e pataca; 21 días en escarola, leituga, chícharos, feixóns verdes, feixóns (faba) e; 28 días hortaliças de xénero brassicae; NP en froiteiras de óso e pebida.

Funxicida preventivo contra mildeu e outras enfermidades, de acción por contacto, que polo seu contido en cobre mais o mancoceb, ten gran eficacia pola súa regularidade de acción e persistencia. Cultivos da vide contra mildeu; tomate e hortalizas contra mildeu, alternaria, septoriose e antracnose; tamén en froiteiras contra moteado, monilia e fusicoccum.

DOSE: 400-600 g/hl segundo cultivos.

HERBICIDAS

AGROXONE

40% MCPA (Sal potásico) SL Nº 11412 Xn - _
1 l, 5 l. PS: 15 días.

Herbicida para o control de herbas de folla ancha, en tratamentos herbicidas en post-emerxencia en cultivos de trigo, cebada, millo, sorgo, liño e praderías de gramíneas.

DOSE: 1,5-3 l/ha, praderías de gramíneas 3-4 l/ha.

ALLY

NOVO

20% Metsulfuron-Metil - SG Nº 24151 Xi - N
100 g. PS: NP.

Herbicida de contacto e residual, eficaz contra malas herbas de folla ancha en tratamentos de postemerxencia en cultivos de trigo e cebada. Aplicar a partir de 2 follas e ata o final do fillado do cultivo.

DOSE: 20-30 g/ha.

ARIZONA

40% Clortoluron SC. Nº23912 Xn - N
2,5% Diflufenicam PS: NP.
5 l.

Herbicida de pre e postemerxencia contra herbas anuais de folla estreita e ancha. Para utilizar nos cultivos de trigo e cebadas de ciclo longo.

DOSE: Para trigo, aplicar despois da sementeira ou cando o trigo teña tres follas a dose de 1,75 a 3 l/ha. En cebada, antes de nacer ou despois de nacer cando teña tres follas a dose de 1,75-2,5 l/ha.

AUROS PLUS

80% Prosulfocarb EC.
20% Triasulfurón WG.
3x3 l + 6x15 g.

Nº 18087 Xn - _
Nº 17925 _ - N

Combinado herbicida de pre e postemerxencia contra herbas anuais de folla estreita e ancha. Para utilizar nos cultivos de trigo e cebada.

DOSE: Para trigo aplicar pouco despois da sementeira e antes de que as herbas teñan dúas follas. En cebada aplicar en postemerxencia do cultivo e antes de que as herbas teñan dúas follas. 4-6 l/ha do AUROS (Prosulfocarb 80%) máis 20-37,5 g/ha do LOGRAN (Triasulfurón 20%).

BANVEL D

48% Dicamba SL.
1 l.

Nº 11533 _ - N

PS: 2 meses para a colleita da forraxe ou a entrada do gando. NP no millo.

Herbicida de postemerxencia contra herbas anuais de folla ancha. Traslócase a través das follas, brotes e raíces.

Para utilizar nos cultivos de trigo, cebada, avea, millo, pradeiras de gramíneas e céspedes.

DOSE: No millo aplicarase cando teña entre 4-8 follas a dose de 600-750 ml/ha (140 ml/hl). En cereais dende 3 follas ata o final do afillado a dose de 300 ml/ha (100 ml/hl). En pradeiras e céspedes 600 ml/ha (150 ml/hl).

BANVEL TRIPLE

29,6% 2,4-D amina. 26,5% MCPA amina.
10% Dicamba amina SL.
1 l, 5 l.

Nº 13537 Xn - N

PS: 21 días dende a aplicación ata o consumo do pasto polo gando.

Herbicida de postemerxencia contra todo tipo de malas herbas de folla ancha nas pradeiras e céspedes de gramíneas xa establecidos. Tamén para os cultivos de: trigo, cebada, avea e centeo.

DOSE: 0,8-1,5 l/ha (200-375 ml/hl). En pradeiras aplicarase preferentemente ó inicio da brotación ou 1-2 semanas despois dun corte. En cereais o mellor momento é o afillado antes de encanar. A temperatura debe ser entre 12-24°C.

BROMOTRIL

24% Bromoxinil EC.
5l.

Nº 20094 Xn - N

PS: 15 días.

Herbicida para o control de folla ancha en tratamentos herbicidas de postemerxencia en cultivos de avea, cebada, centeo, millo e trigo. Aplicar dende o estado de 2-4 follas ata 6-8 follas en millo, e a partir de 3 follas no resto dos cultivos.

DOSE: 1-2 l/ha para o millo; 1-1,65 l/ha no resto dos cultivos.

CALLISTO

10% Mesotrione SC.
250 ml, 1 l, 5 l.

Nº 22313 Xn - N

PS: NP.

Herbicida para o cultivo do millo, contra a xuncia e outras herbas cando estas son noviñas.

DOSE: 0,75-1,5 l/ha. Bótase co millo nacido e cando a xuncia é noviña, entre 2-4 follas. Pódese repetir o tratamento entre o millo se xorde outra ata o estado de oito follas do cultivo.

CAMIX

40 % S-Metolacloro. 4% Mesiotrione. N° 24063 Xi - N
2% Benoxacor, SE. PS: NP.
5 l e 20 l.

Novo herbicida de pre e postemerxencia precoz contra herbas de folla estreita e ancha no cultivo de millo. CAMIX leva na súa composición unha substancia protectora que impide producir fitotoxicidade ao cultivo (Benoxacor).

DOSE: 3,75 l/ha

DUAL GOLD

96% S-Metolacloro EC. N° 22126 Xn - N
5 l. PS: NP.

Herbicida activo contra gramíneas anuais: Echinocloa, dixitaria, setaria, lolium, e outras. A Xuncia é moderadamente sensible a DUAL GOLD. Indicado para os cultivos de: millo, pataca, remolacha e xirasol. As aplicacións en postemerxencia deben ser só con herbas moi noviñas.

DOSE: En pataca e remolacha 0,5-1,5 l/ha e en millo e xirasol 0,5-2 l/ha.

FOLAR

18% Glifosato. 34,5 % Terbutilazina. N° 19097 _ - N
5 l. PS: 15 días.

Herbicida con efecto de contacto e remanente, para o control de malas herbas de folla estreita e ancha en cultivos de cítricos, froiteiras de pebida, vide e áreas non cultivadas.

DOSE: 2,85 l/ha. Pode aplicarse a todo terreo ou sobre o lináceo do cultivo.

FUSILADE MAX

12,5% Fluazifop-p-butil EC. N° 15814 Xn - N
1 l. PS: 21 días para colleitas e entrada do gando;
3 meses para sementar cereais.

Herbicida selectivo nos cultivos de folla ancha, sistémico de postemerxencia para o control de gramíneas anuais e perennes. Pode botarse nos cultivos de: pataca, leguminosas, hortas, cultivos Industriais, ornamentais, herbáceas e leñosas. Tamén en froiteiras e vide.

DOSE: 1,25-2 l/ha para gramíneas anuais, en perennes duplicar a dose e facer dúas aplicacións. Vide, froiteiras de folla caduca e cítricos 4l/ha.

PRIMEXTRA LIQUIDO GOLD

31,25% S-Metolacloro. 18,75% Terbutilazina. N° 22199 Xi - N
5 l. PS: NP.

Herbicida a base dunha adecuada combinación de dúas substancias activas que permiten combater as gramíneas e dicotiledóneas anuais que invaden normalmente o cultivo do millo de consumo ou de forraxe. En condicións normais poden sementarse ou plantarse calquera dos cultivos que poden seguir ao millo nunha rotación normal.

DOSE: 4l/ha.

REGLONE

20% Dicuat SL. N° 12346 T+ - N
1 l. PS: 15 días.

Herbicida de contacto de acción rápida e eficaz contra as malas herbas. Axeitado para desecante de diversos cultivos facilitando as colleitas. Autorizado en patacas, millo, xirasol e algodón como desecante. Noutros cultivos, como herbicida de pre-laboreo ou para botar entre liñas sen mollar as follas do cultivo.

DOSE: 1,5-4 l/ha.

SAMSON

4% Nicosulfuron SC.
1 l e 5 l.

Nº 22353 Xi - N

PS: NP. Non poñer colza como cultivo a seguir.

Herbicida de post-emerxencia contra herbas gramíneas e dicotiledóneas no cultivo do millo. Activo contra equinocloa e outras gramíneas resistentes. Complementario contra xuncia. Pode empregarse en combinación con outros herbicidas de post-emerxencia.

DOSE: 1-1,5 l/ha (280-430 ml/hl). Aplicar cando o millo teña entre 3 e 4 follas.

SPLENDOR 25 SC

25% Tralkoxidim SC.
5 l.

Nº 19315 Xn - N

PS: 15 días ata a entrada do gando. 3 meses para nova sementeira de cereais.

Herbicida de post-emerxencia, contra avea, ballico e outras gramíneas nos cultivos de trigo, cebada e triticale.

DOSE: 1,2 -1,6 l/ha. + 1 l/ha do mollante Canplus (400-530 ml/hl + 330 ml/ hl).

TOPIK EVO

24% Clodinafop-propargil.
6% Cloquintocet-mexil EC. 5% Florasulam.
1 l +150 ml

Nº19548 Xn - _

N. Nº22145 _ - N

PS: NP.

Combinación herbicida de postemerxencia contra gramíneas e herbas de folia ancha anuais nos cultivos de triticale e trigo. Controla avea, xoio, phalaris e alopecuro e a maioría das malas herbas de folia ancha que invaden o cereal. Aplicar a partir de tres follas do cultivo e ata o afillado do mesmo.

DOSE: 175-350 ml/ha + 1 L/ha do mollante Agral e 75-150 ml/ha de Florasulam 5%.

TORDON 22 K

24% Picloran (sal potásico) SL.
250 cc, 1 l.

Nº11760 Xi - _

PS: 21 días

Herbicida de translocación, moi persistente para o control de leñosas en terreos sen cultivo (silveiras, toxos, xestas, etc), rumex e outras especies de folia ancha en praderías de gramíneas. É absorbido por vía radicular e foliar.

DOSE: 1 l/ha en prados de gramíneas e 1-1,5 l/hl zonas non cultivadas.

TOUCHDOWN PREMIUM

36% Glisofato (sal amónico) SL.
1 l, 5 l, 10 l e 20 l.

Nº 22957 _ - _

PS: 7 días cereais e terreos agrícolas.

NP demais cultivos.

Herbicida sistémico, non selectivo de post-emerxencia, contra todo tipo de herbas, incluídas as perennes e malezas leñosas, cun gran ámbito de aplicación. Plantacións de aguacate, cereais, froiteiras de folia caduca, limoeiro, laranxeira, oliveira, plataneiro, terreos agrícolas, terreos forestais e vide. Grazas á tecnoloxía Sistem 4, Touchdown Premium actúa máis rápido, e en condicións difíciles obtéñense mellores eficacias ca con outros herbicidas sistémicos.

DOSE: 3-7 l/ha segun do o cultivo e tipo de herba ou maleza a controlar. Recoméndase aplicacións con baixo volume de auga, de 100-200 l de auga por ha, polo que a dose equivale a: 1,5-3,5 L/hl. As doses máis baixas para as herbas noviñas, e as máis altas para perennes e malezas leñosas.

PRODUTOS VARIOS

ABOFOL-L

24% Nitróxeno (N) total baixo varias formas.
16% Fósforo (P₂O₅) soluble. 12% Potasio (K₂O)
soluble. 0,07% Boro (B) e 0,07% Zinc (Zn)
quelados por EDTA-Na₂. Sólido cristalino.
1 kg e 5 kg.

Registro de fertilizantes e afíns
PS: NP.

Fertilizante foliar que estimula e regula a vexetación das plantas, diminúe os problemas de carencias e mellora a calidade das colleitas. Axuda a recuperar os cultivos nos accidentes climáticos. Autorizado para todos os cultivos.

DOSE: 100 g/hl. Tamén pode aplicarse á terra para ser tomado polas raíces dos cultivos.

ALIMET

5% Metaldehído.
1 Kg, 5 Kg.

Nº 11744 _ - _
PS: 15 días. Ornamentais NP.

Cebo en forma de gránulos contra lesmas e caracois nos cultivos de cítricos, amorodos, froiteiras de folla caduca, subtropicais, horticolas, ornamentais herbáceas, ornamentais leñosas, industriais e pataca. Alimet posúe unha elevada resistencia ao lavado, sen que o seu poder atraente se vexa reducido.

DOSE: 5-8 Kg/ha.

CANPLUS

60% aceite de parafina OL, 24% Olea-
to sorbitol, 12% Tredecilalcohol.
1 l.

Nº 19316 Xi - _
PS: NP.

Mollante para aplicacións herbicidas, que mellora a penetración e actuación, especialmente indicado cando as malas herbas precisen aumentar o poder mollante.

DOSE: 350-500 ml/hl segun do indicación para cada cultivo.

CULTAR

25% Paclbutrazol SC.
250 ml, 1 l.

Nº 17270 Xi - N
PS: 60 días para as colleitas.

Regulador do crecemento para fruticultura e viticultura. Reduce a lonxitude das brotacións, mellora a calidade dos froitos, e na vide ademais evita o corremto da floración. Aplicar en cultivos con certa vitalidade.

DOSE: Varía segundo os cultivos e momento de aplicación. Na vide para mellorar o callado da flor aplicar unha soa vez, 50 ml/hl entre dúas ou tres semanas antes da floración.

DIVIDEND FÓRMULA M

3% Difenconazol FS.
20 l, 200 l.

Nº 22008 Xi - N
PS: NP.

Funxicida sistémico para o tratamento das sementes do trigo e da cebada, contra caries, podre da raíz, carbón vestido e helmitosporiose.

DOSE: 100-200 ml/100 kg semente. O produto pode aplicarse directamente sobre a semente ou diluído previamente en 400-500 ml de auga por cada cen quilos de semente.

ISABION

Complexo de aminoácidos LS.
1 l, 5 l, 20 l.

Rexistro de fertilizantes e afíns.

Nutriente orgánico bioestimulante da vexetación das plantas en todo tipo de cultivos. Aplicar na fase de crecemento das plantas, especialmente indicado en cultivos cativos ou afectados por accidentes climatolóxicos, fitotóxicidades, etc.

DOSE: En aplicación foliar 200-500 ml/hl (4-5 l/ha). En aplicacións a terra, pode incorporarse coa rega (3-4 l/ha) e 4 aplicacións. Un máximo de 15 l/ha.

KLERAT BLOCK

0,005% Brodifacoum. Bloques parafina. BB.
100 g, 500 g, 10 kg.

Nº RPDGSP: 08-10-00838
y 08-10-00838 HA.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. Controla ratas, ratos e toupas de campo. Formulación axeitada para almacéns, recintos, exteriores, colectores.

DOSE: colocar os bloques en portacebos en bastantes puntos por toda a superficie infestada, cerca de onde os roedores teñen os seus niños, tobos ou galerías, principalmente onde estiveron alimentándose ou causando danos.

SUPER KLERAT

0,005% Brodifacoum.
Cebo granulado coloreado. GB.
250 g, 5 kg.

Nº RPDGSP: 08-10-00837
y 08-10-00837 HA.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. De utilización en almacéns e recintos agrícolas exteriores ou interiores. **Ratas:** adoitan alimentarse en lugares ocultos cos que estean familiarizadas. Colocarase en cada punto o contido dunha bolsiña nun portacebos e a intervalos de 5-10 metros. Debido a que as ratas son moi desconfiadas, recoméndase non facer limpeza nin mover os obxectos nos lugares tratados, ata a finalización da desratización.

Ratos: con dos bolsiñas de 25 g pódense facer de 2 a 4 puntos de cebo, situando os portacebos a intervalos de 2-5 metros. Como os ratos son comedores esporádicos e tenden a explorar novos lugares, recoméndase cambiar os cebos de sitio periodicamente. Ao abrir as bolsiñas, colocar os gránulos nun portacebos no punto elixido, e revisalos cada 7-8 días; repoñer aqueles puntos de cebo onde este tivese sido comido.

KLERAT PASTA

0,005 % Brodifacoum. Cebo en pasta fresca
250 g, 10 Kg.

Nº RPDGSP: 05-10-04162
y 05-10-04162 HA.

Raticida en forma de pasta fresca de alta palatabilidade e apetencia, moi activo para todo tipo de roedores, incluso para os resistentes a outros anticoagulantes. É moi fácil e cómodo de usar, debido á súa consistencia semisólida e a súa moderna presentación en bolsiñas de papel filtro (15 gramos), resistindo a humidade. Contén proteínas e ácidos graxos, así como funxicidas e estabilizantes que garanten unha longa duración do produto (incluso no exterior). Pode ser usado en recintos interiores e no exterior.

DOSE: Colocar en cada punto 1-2 portacebos para ratos e 4-5 unidades para ratas.



PROVINCIA DA CORUÑA

A Baña	528	Cereda	639	Monfero	548
A Coruña	444	Cerdido	509	Mugardos	548
Abegondo	436	Cesuras	436	Muros	335
Ames	639	Coiros	436	Muxía	424
Aranga	436	Corcubión	424	Narón	509
Ares	548	Coristanco	524	Neda	509
Arzúa	536	Culleredo	444	Negreira	528
As Pontes	548	Dodro	420	Noia	420
Ateixo	444	Dumbría	424	Oleiros	444
Bergondo	436	Enfesta	639	Ordes	639
Betanzos	436	Ferrol	509	Oroso	639
Boimorto	536	Fisterra	424	Ortigueira	444
Boiro	484	Frades	636	Outes	396
Boqueixón	639	Irixoa	436	Oza dos Ríos	436
Brión	500	Laracha	524	Paderne	436
Cabana	524	Laxe	524	Padrón	420
Camarifas	424	Lousame	420	Pino	536
Cambre	444	Malpica	524	Pobra do	
Capela	548	Mañón	548	Caramiñal	484
Carballo	524	Mazaricos	424	Ponteceso	524
Cariño	444	Melide	536	Pontedeume	548
Carnota	400	Mesía	603	Porto do Son	480
Carral	444	Miño	548	Rianxo	484
Cedeira	509	Moeche	509	Ribeira	484
Cee	436			Rois	424

PROVINCIA DA CORUÑA

Sada	436	Teixeiro	536	Valdoviño	509
Sadurniño	509	Teo	639	Vedra	639
Santiago	639	Toques	536	Vilamaior	548
Santiso	536	Tordoia	639	Vilasantar	536
Sobrado	536	Touro	536	Vimianzo	424
Somoza	509	Trazo	640	Zas	424
Sta. Comba	528	Val do Dubra	640		

Outras Medidas:

En Rianxo úsase a **Cunca** que son 35 metros cadrados. O ferrado ten 12 Cuncas.

En Boiro úsase **Cuartillo** que son 22,33 metros cadrados.

En Rois úsase **Cuartillo** que son 17,50 metros cadrados.

Na Pobra do Caramiñal úsase a **Cunca** que son 40 metros cadrados.

PROVINCIA DE LUGO

A Fonsagrada	507	Friol	436	Pantón	489
A Pastoriza	504	Guntín	436	Paradela	559
A Pobra de Brollón	465	Láncara	629	Páramo	559
A Pontenova	504	Lourenzá	638	Pedrafita	578
Abadín	504	Lugo	436	Pol	496
Alfoz	714	Melra	514	Portomarín	671
Antas de Ulla	604	Mondoñedo	612	Quiroga	465
As Nogais	621	Monforte	489	Rábade	436
Baleira	714	Monterroso	604	Ribadeo	612
Barreiros	714	Muras	548	Ribas do Sil	465
Becerreá	578	Navia de Suarna	650	Ribeira de Piquín	514
Begonte	525	Negueira de		Riotorto	504
Bóveda	489	Muñiz	507	Samos	559
Carballedo	629	Neira de Xusa	610	Sarria	629
Castro de Rei	629	O Corgo	436	Sober	484
Castroverde	496	O Incio	559	Taboada	604
Cervantes	553	O Saviñao	559	Trabada	638
Cervo	725	O Valadouro	714	Triacastela	430
Chantada	629	O Vicedo	548	Vilalba	546
Cospeito	525	Ouro	548	Viveiro	548
Courel (Folgosos)	436	Outeiro de Rei	436	Xermade	525
Foz	714	Palas de Rei	604	Xove	725

Outras Medidas:

En Riotorto: **Fanega** igual a 4 Ferrados, **Ferrado** igual a 2 Tegos, **Tego** igual a 4 Cuartillos.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Caniza	437	Gondomar	541	Pontevedra	629
A Estrada	629	Lalin	536	Portas	629
A Lama	217	Marín	472 ou 504	Redondela	69
Agolada	536	Meaño	629	Ribadumia	629
Arbo	437	Meis	629	Rodeiro	536
As Neves	629	Moaña	472	Salvaterra	437
Baiona	539	Mondariz	432	Sanxenxo	629
Bueu	472	Moraña	648	Silleda	536
Caldas de Reis	672	Mos	497	Soutomaior	64
Cambados	629	Nigrán	541	Tomíño	629
Campolameiro	629	O Covelo	264	Tui	497
Cangas	472	O Grove	629	Valga	629
Catoira	629	O Porriño	497	Vigo	541
Cerdedo	528	Oia	402	Vila de Cruces	536
Crecente	437	Pazos de Borbén	74	Vilaboa	629
Cuntis	629	Poio	629	Vilagarcía	545
Dozón	536	Ponteareas	437	Vilanova de Arousa	672
Forcarei	500	Pontecaldelas	629	Vilaxoán	603
Fornelos de Montes	74	Pontecesures	420		
		Pontesampaio	629		

Outras Medidas:

No Morrazo e ría de Vigo úsase moito a **Vara**, que vale no Morrazo 7.37 metros cadrados, e en Vigo 4.57 metros cadrados.

En Pontevedra, Caldas e Cambados úsase a **Cunca**, a doceava parte do **Ferrado** que vale 52.40 metros cadrados. En Godos e Saiar 56 metros cadrados. O **Ferrado** 12 veces a **Cunca**. Na Estrada e Lalin úsase o **Cuartillo**, que vale na Estrada 26 metros cadrados e en Lalin 22.34 metros cadrados.

En Pontecesures a **Cunca** ten 35 metros cadrados

Estadal: 12 pés = 336 cm.

PROVINCIA DE OURENSE

O **ferrado** vale: 629 metros cuadrados.

Outras Medidas:

Nas terras adicadas a viñedo, a **Cavadura** vale 437 m² ou 435 m², segundo as zonas.

O **Xornal** son 124 m². En lugares con pendente da Ribeira Sacra, unha "**cavadura**" ou "**home de cava**", equivale a 100 cepas ben desenvolvidas.

- Nas terras adicadas a outros cultivos, a **Tega** vale 388 m², a **Fanega** 4.141 m².
 - Na Porquelra, a **Tega** son 906 m² o **Copelo**, 21 m².
 - Para medidas do cereal, unha **Tega** equivale a 14 quilos de centeo, e unha **Fanega** son cinco **Tegas**.
 - O **Copelo**, en Celanova e A Bola, son 20 m².
 - En Valdeorras a **Maquia** son 120 m²; en Verín son 22,22 m².
- Para medir capacidades en distintas zonas de Ourense, empréganse as seguintes medidas:
- **Ola**: equivale a 16 litros ou 16,5 litros, segundo as zonas.
 - **Moio**: equivale a 8 olas (128 ou 132 litros).
 - **Cabazo**: son 20 litros.
 - **Cuarta e Media Cuarta**: son 20 e 101 litros respectivamente.
 - **Cántara**: son 16 litros. O **Canado** son dúas Cántaras (32 litros).

CONTOS

QUE NON SON CONTOS

O GATO

Dous amigos andan pola Cañiza tomando uns chatos de tardiña. Ao chegaren á praza dille un ao outro:

- *Marcho prá casa. Faise tarde, vai frío e aínda teño que preparar unha bolsa de auga quente pra metela na cama porque estas noites de friaxe non me dan quecido os pés*

- *Iso xa non se leva, dille o amigo. Ou pos calefacción -que é algo cara dende logo- ou compras un gatiño que lle chaman de Angora. É un animalíño con moito pelo, acariñoalo e faiche compañía, mantelo cunha latiña de penso ao mes e vaise contigo aos pés da cama para darche calor natural durante toda a noite. Compra o gato e déixate de botas de auga.*

Ao cabo de dúas semanas víronse na feira e o dos pés fríos estaba irrecoñecible. A cara e as mans rabuñadas de todo, algunha roupa esgarfellada, un ollo tapado cunha venda e coa aparencia de que pe-



lexara cun xabarl no medio dun silveiro. Un nazareno, vaia.

- *Pero, ¿que che pasou? -dixo o colega. Mesmo parecees o pecado, con esa pinta.*

- *Foi o gatiño da Angora. Foi ese cabrón do gato. Dixo o outro moi enfadado e mesmo soltou una blasfemia berrando coma un poseso.*

- *Pero home. Non che expliquei...?*

- *Pois eu non sei como fixen. O funil no cu aínda llo dei metido, pero cando lle botei a auga ferverdo, pensei que me devoraba.*

PESCADORES DE AUGA DOCE

Cando as empresas eléctricas chegaron a Galicia para facer as súas obras e explotacións hidráulicas e térmicas, empregaron a traballar moitos obreiros galegos pero tamén nomearon algún carguño da terra, en traballos mais técnicos, de responsabilidade e remunerados. Aquela xente xa traía outro xeito de gozar das cousas máis ostentosa e elitista.

Chamábanlle calidade de vida por aquel entón...

Cando se fixo a Central do Bibey en Manzaneda, un home da bisbarra de oficio administrativo xa se fixera cun posto na compañía. Pero tiña ganas de ascender nos postos da empresa.

Certo día chamou dende o despacho á súa dona para dicirlle:

- Meu corazónciño, o xefe encargoume que o acompañe a pescar ao lago de Sanabria con outros altos cargos que veñen de Madrid. Imos por unha semana e esta será unha moi boa oportunidade para conseguir esa promoción que tanto nos vai axudar.

Prepárame a equipaxe cariño: roupa para sete días, o traxe que levei na voda, e tamén a cana de pescar e unha bolsa de anzois. Cando saia de traballar paso a recollelo e marchamos no meu coche.

¡Ah! E por favor, non te esquezas de meter tamén ese pixama de seda azul que me compraches de regalo...

A muller cavilou e cavilou, que aquilo soaba un pouco estraño. Un traxe caro e máis un pixama de luxo para unha excursión de pesca na natureza non lle cadraba moito. Pero, como boa esposa, fixo o que o marido pedira.

NUNHA FÁBRICA

Hai unha fermosísima aldea na Coruña onde hai moitos anos (agora é moi distinto) tiñan sonda de ser brutiños coma arados e bebedores coma bocois.

Certo día encontráronse dous amigos na taberna e díxolle un ao outro.

- Veño apesarado porque acabo de saber que morreu Manolo do Covés, sendo tan novo e farreiro coma era.

- Que Manolo? -dixo o outro. O que traballaba na fábrica da cervexa? Non podo crelo. Que perda! E logo, como morreu?

- Tivo mala sorte. Escorregou e caeu nun depósito de cervexa de oitenta mil litros.

- Vaia por Deus. Que mala nova. Aínda menos mal, porque din que é unha morte moi rápida.

- Non tal -dixo o compañeiro. Aínda che tardou, porque lle deu tempo de saír a mexar ata nove veces.


Unha semana despois voltou o home, cansado, pero moi contento. A dona deulle a benvoída e deseguida preguntou cun sorriso:

- E logo, ¿pescastes moito?

- Moito, abofé -dixo el. Non deixamos nin unha troita para mostra, aínda que non trouxen ningunha e preferín regalárllelas aos meus compañeiros. Pero, ¿por que non metiches nin o traxe nin o pixama de seda azul como che pedín?

- Si que o metín -dixo ela. Púxenos na mesma caixa ca os trebellos da pesca...

Ensinanza: intelixencia feminina. Cando el foi a Sanabria, xa ela voltara sete veces.



Disposicións legais

DE INTERESE PARA GALICIA



PRIMEIRO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL SOSTIBLE (2010-2014)

AMBIENTAL

O Programa de Desenvolvemento Rural Sostible (PDRS 2010-2014) configúrase como o principal instrumento operativo da Lei 45/2007, de 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural. Identifica para períodos plurianuais - neste caso 2010-2014- unha estratexia de desenvolvemento rural sostible, unhas zonas rurais de intervención priorizada -219 zonas definidas e cualificadas polas comunidades autónomas-, un conxunto de 102 medidas aplicables -tanto de competencia autonómica como estatal-, un procedemento para programar a súa execución en cada zona rural a través dos correspondentes Plans de Zona, o sistema de concerto entre as Administracións competentes na súa execución, os instrumentos de financiamento e a contía do cofinanciamento entre AGE e as C.C.A.A. e o sistema de seguimento e avaliación. Este Programa debe constituírse como o principal impulso do modelo de desenvolvemento

sostible para o medio rural español transcendendo o tradicional enfoque sectorial agrario a un novo enfoque fundamentalmente territorial, intersectorial, multinivel, participativo, adaptado a cada territorio e deseñado sempre desde a perspectiva da sustentabilidade nos seus tres ámbitos social, ambiental e económico.

Tratándose dun documento que está destinado ao medio rural, a totalidade do contido tanto do Programa de Desenvolvemento Rural Sostible aprobado como do seu Informe de Sustentabilidade Ambiental, da Memoria Ambiental conxunta e do Presente Documento de síntese redactáronse en termos moi facilmente comprensible polo público en xeral. No entanto, ao requirilo a Lei 9/2006, complétase o presente Documento cun breve resumo non técnico do conxunto.

O Programa de Desenvolvemento Rural Sostible configúrase como o principal instrumento para a actuación da Administración Xeral do Estado -de forma coordinada coas Comunidades Autónomas- en relación co medio rural, co obxectivo de mellorar a situación socioeconómica da poboación das zonas rurais e de asegurar o seu acceso a uns servizos públicos suficientes e de calidade, todo iso desde unha perspectiva integral do concepto de sustentabilidade nos seus tres ámbitos económico, social e ambiental.

O Programa de Desenvolvemento Rural Sostible (PDRS) 2010-2014 presenta un total de 102 accións xerais e medidas para o desenvolvemento rural sostible que os Plans de Zona -segundo nivel de programación- poderán escoller para cumprir cos obxectivos dos propios Plans de Zona e do PDRS. Serán estes Plans de Zona, cuxo ámbito de actuación será o conxunto de municipios rurais ou de entidades locais menores que configuran unha determinada zona rural (as comunidades autónomas delimitaron e cualificaron 219 zonas rurais segundo uns criterios comúns adoptados polo Consello para o Medio Rural) os que definan que accións xerais e medidas para o desenvolvemento rural sostible son necesarias en cada territorio.

O ámbito de decisión do PDRS 2010-2014 (zonas de actuación, selección de accións xerais e medidas, características xerais de plans e actuacións de cada medida, marco xeral de subvencións, seguimento e avaliación, etc.) condiciona o contido e alcance do Informe de Sustentabilidade Ambiental, da Memoria Ambiental Conxunta e deste documento declarativo, que se resume nestas páxinas para a súa mellor difusión e comprensión entre o público xeral.

Derivado do ámbito de decisión do PDRS 2010-2014, os efectos ambientais que poidan detectarse deberán considerarse, en todo caso, potenciais, de

ocorrência incerta, non localizados, só parcialmente cualificables e non cuantificables. A concreción destes efectos ambientais alcanzarase nos Plans de Zona, que previsiblemente en moitos casos tamén deberán someterse a unha avaliación ambiental, cando entren no ámbito da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. No entanto, o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ao que se someteu o PDRS 2010-2014, e do que forma parte o Informe de Sustentabilidade Ambiental, a Memoria Ambiental Conxunta, e presente documento, integrou de xeito efectivo as consideracións ambientais no PDRS 2010-2014, en termos do conxunto de medidas e determinacións ambientais contempladas, e do sistema de seguimento e avaliación ambiental adoptados.

De todo este proceso de avaliación ambiental estratéxica, esixido pola Lei 9/2006 e concretado nos diversos documentos que forman parte do proceso, poden obterse, a modo de resumo, as seguintes conclusións:

■ A amplitude temática das accións xerais e medidas para o desenvolvemento rural sostible contempladas no PDRS 2010-2014 fai que exista unha extensa lexislación (internacional, comunitaria e nacional) e numerosos plans e programas con potencial influencia en ou influídos polo Programa. Só desde esta amplitude sectorial é posible lograr o obxectivo da sustentabilidade desde a tripla perspectiva económica, social e ambiental.

44

■ Esta amplitude sectorial das medidas para o desenvolvemento rural complementase coa extensión territorial do medio rural en España para enmarcar a relevancia, potencial e alcance do PDRS 2010-2014.

Practicamente o 90% da Rede Natura 2000 terrestre atópase no medio rural, o que demostra a importancia do mesmo en termos de patrimonio e riqueza natural. Os criterios de prioridade territorial adoptados polo Consello para o Medio Rural garanten que algo máis do 70% da superficie de Rede Natura 2000 se atope en zonas rurais con algún nivel de prioridade e que algo máis do 55% da Rede Natura 2000 se sitúe en zonas rurais co máximo nivel de prioridade. A porcentaxe da rede Natura 2000 terrestre que queda fóra do ámbito do Programa non chega ao 11%, e débese a que algúns espazos se localizan sobre municipios que non son rurais, ou ben porque as Comunidades Autónomas non os incluíron en ningunha zona rural. Desta forma, pode concluírse que o PDRS 2010-2014 ofrece un tratamento adecuado á importancia da Rede Natura 2000 non só en termos de conservación da diversidade biolóxica senón tamén como elemento de dinamización do desenvolvemento rural sostible.

■ Tendo en conta o alcance das decisións que se adoptan, a análise dos efectos sobre o medio ambiente do PDRS 2010-2014 só se pode expor en termos xerais, resultando en liñas xerais globalmente positivo, se se adoptan as determinacións ambientais contidas no Programa para prever os seus principais impactos negativos potenciais. A modo de conclusión, todas aquelas medidas orientadas cara á necesaria reactivación económica do medio rural (medidas dos Eixos 1 “actividade económica e emprego” e 2 “infraestruturas e equipamentos básicos” asumen un claro protagonismo na posible xeración de efectos negativos sobre o medio ambiente.

■ Unha vez detectados os principais efectos sobre o medio ambiente do PDRS 2010-2014, o Informe de Sustentabilidade Ambiental presenta unha serie de medidas preventivas para eliminar ou reducir ao máximo os efectos negativos do Programa sobre o medio ambiente.

■ Tanto o Informe de Sustentabilidade Ambiental coma a Memoria Ambiental Conxunta recollen unha extensa relación de medidas preventivas que, tendo en conta as medidas para o desenvolvemento rural sostible contempladas polo PDRS 2010-2014 que xeran efectos negativos sobre o medio ambiente, van encamiñadas a construír unha economía rural acorde e respectuosa coa súa contorna, adecuando o sector primario ás esixencias ambientais e creando un tecido económico sobre o que basear o desenvolvemento rural sostible.

Ante o carácter necesariamente xeral que han de ter as accións xerais e medidas para o desenvolvemento rural sostible no PDRS 2010-2014, as medidas preventivas que se inclúen actúan mediante a inclusión de exixencias ou condicionantes á hora de pór en marcha as medidas de desenvolvemento rural sostible. Neste sentido, por exemplo, o fomento do turismo rural deberá ter en conta a capacidade de acollida do medio, a planificación existente (PORN e PRUG) e a elaboración de plans de ordenación do uso público.

■ A análise das posibles alternativas ao PDRS 2010-2014 proposto vese limitada polo carácter xeral do Programa, cuxo obxectivo é propor un conxunto de accións xerais e medidas para o desenvolvemento rural sostible o suficientemente amplo como para que as distintas necesidades das zonas rurais onde se aplicará poidan superarse grazas ás medida/s correspondente/s.

■ O Informe de Sustentabilidade Ambiental e a Memoria Ambiental Conxunta expón un sistema de seguimento ambiental do PDRS que estende o sistema exposto no propio PDRS 2010-2014, que tamén prevé unha avaliación a partir de indicadores económicos e sociais. O sistema de seguimento ambiental constrúese a partir dun sistema de indicadores, elaborado sobre a proposta do Documento de Referencia.

NOVO

TOUCHDOWN

PREMIUM



Herbicida non selectivo
de postemerxencia,
de potente efecto sistémico
que controla todas
as malas herbas
anuais e perennes,
mesmo as máis difíciles.

O herbicida cheo de tecnoloxía

Roedores e Rodenticidas



A orde Rodentia é ampla en número de individuos e tipos, incluíndo una terceira parte de todas as especies de mamíferos existentes.

Só 41 dos 124 xéneros se catalogan como pragas, sendo dous os máis estendidos e abundantes: xénero *Rattus* e xénero *Mus*.

As especies máis importantes destes dous xéneros son:

- **Rato doméstico (*Mus musculus L.*)**, estendido basicamente en zonas rurais e granxas.
- **Rata común (*Rattus norvegicus L.*)**, que vive externa ou interiormente en calquera lugar onde atope alimentos. É a rata de sumidoiros. Non sendo autóctona da península, conta a crónica histórica que penetrou polo Pirineo acompañando as tropas francesas durante a invasión napoleónica e alimentábase cos residuos da campaña.
- **Rata negra (*Rattus rattus L.*)**. Vive xeralmente baixo cuberto e con poboación en franco retroceso a favor da anterior, que chegou a impoñerse e fagocitála.



Rato doméstico



Rata común



Rata negra

NECESIDADES DE CONTROL

Causan os roedores moitos e variados problemas en todo mundo por compartir co ser humano o mesmo medio. Das razóns que xustifican o seu control, as tres principais son:

1. **Comen e destrúen alimentos:** Estima a F.A.O. que os roedores causan perdas dun 5% nas colleitas de todo o mundo, cantidade suficiente para alimentar a 130 millóns de persoas. A estes produtos consumidos hai que engadir máis do dobre de alimentos que contaminan polos prexuízos directos e as nocividades colaterais de ouriños, feces, pelos ou secrecións sebáceas que os fan inservibles.
2. **Propagadores de enfermidades:** Son vehículos e vectores de numerosas enfermidades que afectan ó ser humano: a peste bubónica, leptospirose, triquinose, ou as infeccións de salmonella, todas elas de consecuencias graves ou fatais.
3. **Outros tipos de danos:** Causan ademais a destrución de distintos materiais: roeduras na madeira, tuberías de auga, mercancías almacenadas etc. Nas instalacións eléctricas, os cables roídos orixinan cortocircuitos, incendios e importantes avarías.

MEDIOS DE LOITA

O exterminio absoluto das ratas como especie é practicamente imposible; porén, a aplicación de medidas adecuadas logrará un eficiente control capaz incluso de erradicalas nas zonas asiduamente tratadas.

MÉTODOS FÍSICOS: Empregan técnicas mecánicas para eliminalos: rateiras, trampas ou barreiras contundentes para excluír os animais de certos lugares. Os resultados reais destas accións en redución das poboacións de roedores son francamente inoperantes.

MÉTODOS BIOLÓXICOS: Inclúen a introdución dos seus predadores naturais, enfermidades e parasitos, modificación do hábitat, manipulación xenética ou cultivo de variedades resistentes de cereais e especies hortícolas.


A maioría destas solucións teñen fallos de teoría ou posta en práctica.

MÉTODOS QUÍMICOS: Tense comprobado que o método máis efectivo para control de roedores é o uso de rodenticidas clasificándose estes en:

a. **Agudos ou de acción rápida:** Envenenamento inmediato, facendo necesarias medidas extremadas de manipulación e risco manifesto para outras especies incluído o ser humano. O máis importante desta categoría é o fosfuro de zinc.

b. **Crónicos:** Actúan lentamente despois de varias doses. Funcionan como anti-coagulantes xerando hemorrxias internas. Non supoñen risco para animais domésticos polo pequeno nivel de dose letal a que funcionan co roedor.

Destacan como materias activas a warfarina, difenacoum ou bromadiolona, sendo a máis avanzada e moderna o brodifacoum, principio activo de **Súper Klerat**.



Super KLERAT

RATICIDA PARA
ROEDORES COMENSAIS

PELLETS

¡Un só bocado basta!



UNHA SOLUÇÃO DE FÁBULA
PARA O CONTROL
DE RATAS E RATOS

syngenta.

Enderezos das novas distribuidoras

PARA GALICIA - ASTURIAS

AGRO-REZA, S.L.

(Ourense - Oeste)
agro-reza@mundo-r.com

R /Reza nº 12 (Galerías Roma)
32003 - **OURENSE**
Telf. e Fax: 988 222834 - 988 227553
Móbil: 692 642118 / 119

AGROVAL S.L.

(Pontevedra - Centro/Sur)
agroval.po@terra.es

As Gándaras de Prado s/n
(Fronte Campo de Fútbol de Budiño)
36475 - **O PORRIÑO** - Budiño
Telf. e Fax: 986 346765 - 986 346766

ALMACENES ROYAL S.L.

(A Coruña - Norte)
agricultura@almacenesroyal.com

R/ Fraga Iribarne nº 48
15300 - **BETANZOS**
Telf.: 981 772714 Fax: 981 772600
Móbil: 689 248630

ASAGRO, SERVICIOS AGRÍCOLAS, S.L.

(Asturias - Leste. Cantabria)
asagro@fade.es

Polígono Silvota, parcela R 45
33192 - LLANERA (Asturias)
Telf.: 985 265898 Fax: 985 250764
Móbil: 608 473131

CAMPONOVO PROTECCIÓN DE CULTIVOS S.L.

(Pontevedra - Norte, Coruña - Sur)
p.cultivos@camponovo.es

Polígono industrial Novo Milladoiro
Rúa das Palmeiras, 57 - **A2 15895 - AMES** (A Coruña)
Telf.: 981 535420 Fax: 981 535422
Móbil: 606 990537

FITOAGRARIA S.L.

(Ourense - A Limia, Monterrei)
fitoagraria@xanelas.com

R/ Dous de Maio nº 57
32630 - **XINZO DE LIMIA**
Telf. e Fax: 988 462560 y 639 815999

HORTA LEMOS

(Lugo - Centro/Sur)
correo@hortagalega.es

Ctra. N-540 - Km 4,6
27210 - **Santa Eulalia de Esperante**
Telf. e Fax: 982 24 60 19 Móbil: 696 902575

XARDINAGRO S.L.

(Lugo - Norte. Asturias - Oeste)
xardinagro@ctv.es

R/ Linares Rivas nº 4
27760 - **VILANOVA DE LOURENZÁ**
Telf. e Fax: 982 121002
Almacén Telf. 982 121613

Enderezos de SYNGENTA AGRO:

No **PORRIÑO**: A Relva s/n 36400 - O **PORRIÑO** (Pontevedra) Telf.: 986 330300 - 986 331004 Fax: 986 335855

En **MADRID**: C/ Ribera del Loira nº 8-10, 3ª Planta; 28042 **MADRID** Telf.: 91 3876410 (Centralíña); Fax: 91 7210081

Os contidos desta publicación son propiedade de Syngenta Agro. Prohibese a súa reprodución total ou parcial, por calquera medio, sen a autorización previa e por escrito de Syngenta Agro.




Camix

protexe a túa
colleita
coida o seu futuro


syngenta



2011

Calendario do Ano

Xaneiro							Febreiro							Marzo						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
					1	2	1	2	3	4	5	6	1	2	3	4	5	6		
3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13	7	8	9	10	11	12	13
10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20	14	15	16	17	18	19	20
17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27	21	22	23	24	25	26	27
²⁴ / ₃₁	25	26	27	28	29	30	28							28	29	30	31			

Abril							Maio							San Xaan						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3							1			1	2	3	4	5
4	5	6	7	8	9	10	2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12
11	12	13	14	15	16	17	9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19
18	19	20	21	22	23	24	16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26
25	26	27	28	29	30		²³ / ₃₀	²⁴ / ₃₁	25	26	27	28	29	27	28	29	30			

Santiago							Agosto							Setembro						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25
25	26	27	28	29	30	31	29	30	31					26	27	28	29	30		

Outubro							Novembro							Decembro						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
				1	2		1	2	3	4	5	6				1	2	3	4	
3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13	5	6	7	8	9	10	11
10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18
17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25
²⁴ / ₃₁	25	26	27	28	29	30	28	29	30					26	27	28	29	30	31	

Subvencionado pola

■ Festa Nacional ■ Festa Autonómica



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

